

# V SEMINARIO DE INTERCÁMBIO DE EXPERIENCIAS NO ÁMBITO DO TURISMO



**16 E 17 DE ABRIL DE 2026**

**HOTEL ZENIT - A CORUÑA**

**EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR**

**Interreg**  
Atlantic Area






Co-funded by  
the European Union




**EIXO ATLÁNTICO**  
DO NOROESTE PENINSULAR

*A Coruña*  
**CULTURA DE VIVIR**

 Concello da Coruña |  Deputación  
DA CORUÑA | 

# V SIE NO ÁMBITO DO TURISMO



16 ABRIL

*Día 1: Visita de Estudo*

17:30 horas. Visita guiada pola zona antiga da Coruña (punto de encontro Praza María Pita )

17 ABRIL

*Día 2: Seminario Intercambio de Experiencias no Ámbito do Turismo*

9.00H



RECEPCIÓN DOS PARTICIPANTES

9.20H



BENVIDA



- **Susana Ribeiro**, Presidenta do Grupo Temático de Turismo do Eixo Atlántico
- **Xoán Vázquez Mao**, Secretario Xeral do Eixo Atlántico
- **J. Manuel Lage Tuñas**, Tenente de Alcaldesa do Concello da Coruña

9.45H



DESAFÍOS DOS MODELOS TURÍSTICOS ACTUAIS

**Modera: Ricardo Vieira**, Vereador de Turismo da Cámara Municipal de Amarante



- **Flavia Ramil**, Xerente de Turismo do Concello de Santiago de Compostela
- **Fátima Santos**, Directora do Departamento de Turismo e Internacionalización da Cámara Municipal de Porto
- **Isabel Ferreira**, Vereadora de Turismo da Cámara Municipal de Guimarães

# V SIE NO ÁMBITO DO TURISMO



10.45H



## ESTRATEGIA DE TURISMO SOSTIBLE E POLICÉNTRICO - POST

**Modera: Susana Ribeiro**, Presidenta Grupo Temático de Turismo do Eixo Atlántico



- **Ana Ladeiras**, Experta de turismo do Eixo Atlántico
- **Fco. Javier Sánchez Sellero**, Universidade de Vigo
- **Carmen Pardo**, Instituto Politécnico de Viana do Castelo (IPVC)

11.45H

*Pausa para café*

12.00H



## BOAS PRÁCTICAS DE TURISMO POLICÉNTRICO - POST


**Modera: Xoán V. Mao**, Secretario Xeral do Eixo Atlántico



- **Fco. Javier Rodríguez Novoa**, Xefe de Sección de Progamas Europeos da Deputación de Ourense
- **Filipe Fernandes**, Adxunto Presidente da Cámara Municipal de Braga

13.00H

*Peche*



## ORADORES



### **Flavia Ramil Millarengo**

Licenciada en Psicoloxía pola USC. Postgraou en Psicoloxía e Idiomas na Universidade de Tréveris (Alemaña). Master en Comercio Exterior (European Business School) e Master en Xestión de Destinos e Empresas Turísticas USC. Dende xullo de 2016, Directora Xerente de Turismo de Santiago, anteriormente Xefa de Area de Turismo e Promoción en Turismo de Santiago e Directora da oficina de Turismo de Santiago de Compostela-Turgalicia.

Como responsable da entidade de xestión e promoción turística de Santiago de Compostela, conta cunha década de experiencia no liderado de múltiples proxectos destinados a evolucionar o modelo turístico da cidade nos seus diferentes aspectos como a desestacionalización, internacionalización, fomento da conectividade, fomento da calidade no destino, xestión de fluxos, elaboración de plans turísticos, entre outros ámbitos de responsabilidade.



### **Fátima Santos**

Directora do Departamento Municipal de Turismo e Internacionalización da Cámara Municipal de Porto. De formación xurídica e nai, adopta unha abordaxe enfocada nas persoas e orientada para o traballo en equipo na xestión do destino. Responsable da definición estratéxica e da implementación da Visión Estratéxica para a Sustentabilidade do Destino Porto, incluíndo o *Your(s) Truly, Porto*, roteiro que alia o crecemento do turismo cas necesidades dos residentes e a identidade cultural da cidade.

Representa o Porto en redes internacionais, concretamente na *Great Wine Capitals Global Network*, do cal Porto é o fundador.

Foi Secretaria Xeral da *Associação Portuguesa da Industria de Ourivesaria e Relojoaria*. Tamén foi Vicepresidenta da Federación Europea de Xoiería.



### **Isabel Maria de Freitas Soares Ferreira**

Vereadora dende outubro de 2025 na Cámara Municipal de Guimarães, con responsabilidades en varias áreas, entre as cales, Turismo.

Doutorada en Tecnoloxías e Sistemas de Información pola Universidade do Minho (2016), na área de Goberno Electrónico, Mestrado en Xestión Pública pola Universidade de Aveirao, e Licenciada en Administración Pública pola Universidade do Minho.

É profesora adxunta na Escola Superior de Xestión do Instituto Politécnico do Cávado e do Ave (IPCA), dende 2001, asumiu ós seguintes cargos de xestión: Directora da Licenciatura en Xestión Pública e do Mestrado Profesional en Xestión Dixital para Servizos Públicos.


A súa traxectoria reflicte un compromiso consistente có servizo público, a promoción do coñecemento e a valorización das comunidades, articulando a experiencia académica cá intervención civil e política.



### **Ana Luísa Ladeiras**

Profesional con máis de 25 anos de experiencia en consultoría, cooperación territorial e turismo. Ocupou cargos directivos en empresas e administracións, destacando na planificación estratéxica, desenvolvemento turístico e proxectos europeos (INTERREG). Experta en turismo termal, liderou iniciativas en Portugal e España. Actualmente dirixe INOVA+ en España e Around Europe Advisors. Anteriormente foi Directora de CNS Consultores, Administradora Executiva en Turismo do Porto e Norte de Portugal e membro do gabinete asesor do presidente de Chaves (2002-2009). Licenciada en Economía cun máster en Xestión de Destinos Turísticos, Postgrado de Xestión Municipal e Graduada en Dirección Hoteleira.

# V SIE NO ÁMBITO DO TURISMO



## ORADORES



### **Mª Carmen Pardo López**

Con máis de 25 anos de experiencia, é docente e investigadora no IPVC. Licenciada en Economía e Gestión pola U, mestre em União Europeia e com 2 pós-graduações na área do turismo, sendo Doutora em Turismo, e especializada em planeamento e gestão de destinos. Desempenhou cargos de responsabilidade nos setores público (local e regional ) e privado (em três multinacionais hoteleiras em Espanha e Portugal), nas áreas da Qualidade, Recursos Humanos e Desenvolvimento.

Tem experiência como sócia, chefe de fila, perita ou investigadora principal em cerca de 20 projetos europeus de cooperação.



### **Francisco Javier Sánchez Sellero**

Profesor Contratado Doctor do Departamento de Organización de Empresas e Marketing da Universidade de Vigo (Campus de Ourense). De 2016 a 2025 Vicedecano de Relacións cá Empresa da Facultade de Empresariais e Turismo, é docente en Turismo e na Escola Superior de Enxeñería Informática. Especialista en Planificación Turística, Desenvolvemento Sostible, Competitividade Emprendimento, docente e titor do Venture Lab do Campus Auga, dende 2024 participa no proxecto con Dra. Montserrat Cruz sobre Turismo Policéntrico.



### **Francisco Javier Rodríguez Novoa**

Licenciado en Farmacia, Grado en Dereito e Master en Xestión de Desenvolvemento Local. Desenvolve a súa actividade profesional na Deputación Provincial de Ourense, onde ocupa o posto de Xefe de Sección de Planificación, Patrimonio e Programas de Cooperación. No exercicio destas funcións é responsable da xestión e coordinación de programas europeos, participando en proxectos de cooperación territorial transfronteriza e desenvolvemento financiados pola Unión Europea. O seu traballo céntrase na planificación estratéxica, a xestión administrativa e o seguimento técnico de iniciativas de cooperación financiadas pola Unión Europea.



### **Filipe Silva Fernandes**

Licenciado en Ciencia Política pola Universidade do Minho, cun Máster en Ciencia Política e Políticas Públicas na Universidade de Aveiro, PhD Candidato en Ciencia Política e Relacións Internacionais na UMinho, onde exerce tamén funcións de Profesor Asistente Convocado. É membro colaborador do Cento de Investigación en Ciencia Política e é membro do Observatorio Soberanía e Política na SEDES. Actualmente exerce funcións de Adxunto do Presidente da Cámara Municipal de Braga.